

RESOLUCIÓN pola que se publica o resultado da convocatoria de subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da intervención Leader 2023-2027 (axudas para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas), convocatoria 2025, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)

GDR - 20 Asociación de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo

-Tipoloxía de proxectos: produtivos, non produtivos públicos/privados

Mediante o Acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de desenvolvemento Rural (en adiante, a Axencia) do 10.04.2025 aprobáronse as bases reguladoras das axudas para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas que se tramiten ao abeiro da Intervención Leader, cofinanciadas co Feader no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC) e convocáronse para o ano 2025. Este acordo publicouse mediante Resolución do 16.04.2025 da directora xeral da Axencia (DOG nº 82, do 30 de abril).

Para o financiamento desta convocatoria, está previsto un crédito de doce millóns seiscientos corenta e un mil catrocentos vinte e tres euros con trinta e seis céntimos (12.641.423,36€) con cargo ás aplicacións orzamentarias da Axencia 15.A1.712A.760.00, 15.A1.712A.770.00 e 15.A1.712A.781.00 (proxecto 2024-00008), coa seguinte distribución por anualidades:

ANO	IMPORTE
2025	6.320.711,68
2026	6.320.711,68
TOTAL	12.641.423,36

Cómpre sinalar que o artigo 28.1 das bases reguladoras polas que se rexe esta convocatoria, dispón o seguinte:

"...Dentro das dispoñibilidades orzamentarias globais para cada un dos GDR, que se establezan en cada convocatoria, corresponde a cada GDR solicitar a Axencia, en función do sinalado na convocatoria e na súa estratexia de desenvolvemento local, a aprobación do importe máximo dispoñible para cada unha das tipoloxías de proxectos que se indican no parágrafo primeiro do número 1 deste artigo. As solicitudes de cada un dos GDR deberán remitirse a Axencia durante os 15 días naturais inmediatamente posteriores á data da publicación da convocatoria".

Tendo en conta que rematou o prazo de presentación de solicitudes para a convocatoria 2025, e coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 28.1 das bases reguladoras, mediante a Resolución do 01.08.2025 da directora xeral da Axencia,

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal





modificáronse os importes máximos dispoñíbles dentro das distintas tipoloxías de proxectos subvencionables para o GDR de que se trata que son, en concreto, os seguintes:

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO	GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA					
		2.025	%	2.026	%	TOTAL	%
7119 intervención Leader 2023-2027 (axudas para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas), convocatoria 2025	Productivos	180.597,54	65,00	180.597,54	65,00	361.195,08	65,00
	Non productivos (entidades públicas locais)	58.346,90	21,00	58.346,90	21,00	116.693,80	21,00
	Non Productivos (institucións de carácter privado)	38.897,93	14,00	38.897,93	14,00	77.795,86	14,00
	TOTAL	277.842,37		277.842,37		555.684,74	

O artigo 29.1 das bases reguladoras das citadas subvencións dispón que a persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección, resolverá sobre a concesión ou denegación das axudas, nos termos contidos na proposta de resolución efectuada pola xunta directiva ou órgano decisorio similar do GDR, sempre que, no caso das resolucións de concesión de axuda, se constate a existencia de dispoñibilidades financeiras.

O artigo 29.5 das bases reguladoras das citadas subvencións establece que as subvencións concedidas ao abeiro destas bases publicaranse no DOG, nas webs dos GDR e na web da Axencia, <http://agader.xunta.gal>, e que ademais, a resolución notificarase individualmente a cada interesado, remitíndolle unha copia ao GDR.

Tendo en conta que:

- A competencia para resolver sobre a concesión das axudas lle corresponde á persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección, en virtude do artigo 29 citado.
- Existe dispoñibilidade financeira para as axudas que se propoñen.
- A propostas da Xuntas directivas do GDR dos días 22.07.2025, 16.09.2025 é 13.10.2025 é coherente coa normativa aplicable.

RESOLVO a convocatoria das subvencións como se indica nos puntos seguintes (segundo o que proceda), segundo as resolucións individuais de cada solicitude de axuda

1. Establecer a listaxe de proxectos seleccionados: proxectos productivos (anexo I)
2. Establecer a listaxe de proxectos seleccionados: proxectos non productivos promovidos por entidades públicas locais (anexo II)
3. Establecer a listaxe de proxectos seleccionados: non productivos promovidos por entidades privadas (anexo III)





4. Establecer a listaxe de proxectos en lista de agarda no produtivos promovidos por entidades públicas locais (anexo IV)
5. Establecer a listaxe de proxectos con denegación da axuda (anexo V)
6. Listaxe de proxectos con desistencia da persoa interesada (anexo VI)





ANEXO I PROXECTOS PRODUCTIVOS CON AXUDA CONCEDIDA

Número de expediente	Título	Persoa beneficiaria	Orzamento aceptado	porcentaxe máximo de axuda %	Total axuda CONCEDIDA	IMPORTE AXUDA 2025	IMPORTE AXUDA 2026	Puntuación segundo o baremo
7119 20 0001	Domotización De Explotación De Ovos Ecoloxicos	Francisco Javier Parrado Louzao	13.310,15	38,76%	5.159,01	5.159,01		54,00
7119 20 0010	Creación De Actividade Consistente Na Realización De Visitas Guiadas Ao Muiño Do Tereso	Casa Do Queixo De Grixalba SI	21.071,59	38,04%	8.015,63	4.007,81	4.007,82	53,00
7119 20 0015	Arte E Creatividade	Maria Lidia Vazquez Cardeiro			18.000,00	9.000,00	9.000,00	51,00
7119 20 0016	Taller De Reparación De Maquinaria Agrícola Y Forestal	Mario Prieto Rodriguez	277.871,29	35,16%	97.699,55	48.849,77	48.849,78	49,00
7119 20 0018	Centro De Entrenamiento Mattstrenght	Matthew Jimenez Lozano	3.262,45	30,84%	1.006,14	1.006,14		43,00
7119 20 0008	Instalacion De Sistema Fotovoltaico Aislado Con Baterías De Litio En Explotacion De Vacuno De Produccion De Carne	Bretios, S.C.	18.500,00	30,84%	5.705,40	5.705,40		43,00
7119 20 0006	Ampliación Da Empresa De Construcción De Vivendas Modulares	Tecnología Modular VLC S.L	390.582,52	25,80%	100.770,29	50.385,14	50.385,15	36,00
7119 20 0011	Asistente Técnico Veterinario Itinerante	Ines Trillo Gerra				9.000,00	9.000,00	29,00
7119 20 0005	Mencanización Da Producción Da Carpintería Ca Adquisición Da Cnd Kdt Kn-3710dpc	Adrian Corral Sesar	126.875,00	19,32%	24.512,25	12.256,12	12.256,13	27,00
			851.473,00		260.868,27	145.369,39	133.498,88	





ANEXO II PROXECTOS NON PRODUTIVOS CON AXUDA CONCEDIDA PROMOVIDOS POR ENTIDADES PÚBLICAS LOCAIS

Número de expediente	Título	Persoa beneficiara	Orzamento aceptado	percentaxe máximo de axuda %	Total axuda CONCEDIDA	IMPORTE AXUDA 2025	IMPORTE AXUDA 2026	Puntuación segundo o baremo	Prioridade
7119 20 0004	Rehabilitación De Escuela Unitaria De Cabana Para Vivienda Social	Concello de Toques (*)	240.471,99	88,37%	116.693,80	58.346,90	58.346,90	68,00	Media

(*) 83.306,20 € sin adxudicar por falta de fondos na tipoloxía do proxecto

ANEXO III PROXECTOS NON PRODUTIVOS CON AXUDA CONCEDIDA PROMOVIDOS POR ENTIDADES PRIVADAS

Número de expediente	Título	Persoa beneficiaria	Orzamento aceptado	percentaxe máximo de axuda	Total axuda CONCEDIDA	IMPORTE AXUDA 2025	IMPORTE AXUDA 2026	Puntuación segundo o baremo	Prioridade
7119 20 0009	Adquisición de equipamento para a impatición de talleres de benesar físico e psíquico das mulleres rurais	Mulleres Rurais Alecrín	19.598,45	68,86%	13.495,49	1.349,55	12.145,94	44,00	Alta

ANEXO IV LISTA DE AGARDA PROXECTOS NON PRODUTIVOS PROMOVIDOS POR ENTIDADES PÚBLICAS LOCAIS

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Porcentaxe máximo de axuda (%)	Puntuación segundo o baremo	Prioridade
7119 20 0002	Control De Acceso E Seguridade Instalacións Municipais	Concello de Boimorto	32.307,51	70,00%	58,00	Alta
7119 20 0012	Edificio Manolo Castro	Concello de Santiso	43.728,56	7542,00%	52,00	Alta
7119 20 0014	Valorización Social E Turística Do Castro De Calvos De Socamiño (Touro, A Coruña). Primeira Campaña	Concello de Touro	14.520,00	4732,00%	33,00	Media





ANEXO V EXPEDIENTES CON DENEGACIÓN DE AXUDA

Número de expediente	Persoa interesada	Observacións
7119 20 0013	Cristina Codesido Sanchez	O proxecto non é encadrable na Estratexia do GDR (indicar apartado da estratexia e fundamentación xurídica)
7119 20 0017	Fernando Madriñan Vazquez	O proxecto está iniciado na data de presentación da solicitude da axuda, tal e como queda reflexado na correspondente Acta de Non Inicio
7119 20 0019	Pena Fendida SI	Segundo o artigo 7.a) das bases reguladoras os investimentos de reparación e mantemento das instalacións, así como a reposición ou simple substitución de equipamento e maquinaria non son subvencionables
7119 20 0003	Concello De Melide	O proxecto non é finalista, ao abeiro deste Réxime de Axudas non son admisibles fases de proxectos

ANEXO VI EXPEDIENTES DESISTIDOS POLA PERSOA INTERESADA

Número de expediente	Título	Persoa interesada
7119 20 0007	Tramitación E Construción Dunha Instalación Solar Fotovoltaica De Autoconsumo Colectivo Para A Ce Vilasantar	Vilasantar Enerxía

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Axencia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O Consello de Dirección da Axencia
(P.D.: Acordo do 10.04.2025)
A directora xeral da Axencia
M^a Paz Rodríguez Rivera

